

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CEDEIRA

Estabilización OEP extraordinaria 2022

Relación de aprobados e proposta de nomeamento de dúas prazas de administrativo/a de servizos económicos incluídas no proceso extraordinario de estabilización do Concello de Cedeira.

ANUNCIO

Con data de 14 de maio de 2025 ditouse o Decreto de Alcaldía número 219/2025 cuxo contido é o seguinte:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: relación de aprobados e proposta de nomeamento PARA A COBERTURA DE DÚAS PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A DE SERVICIOS ECONÓMICOS incluída no proceso extraordinario estabilización

Expediente 2023/E001/000009

Vistas as bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso - oposición correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022 e as bases específicas do proceso selectivo para a provisión en propiedade de dúas (2) prazas de administrativo/a mediante sistema de concurso, persoal funcionario ao 100% da xornada, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do 2022 do concello de Cedeira, para a estabilización do emprego temporal, publicadas ambas no BOP núm. 247 do 30 de decembro de 2022.

Visto o decreto de 12 de agosto de 2024 polo que se nomea ao tribunal cualificador para o proceso selectivo para a provisión en propiedade de dúas (2) prazas de administrativo/a mediante sistema de concurso, persoal funcionario ao 100% da xornada, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do 2022 do concello de Cedeira, para a estabilización do emprego temporal (Decreto núm. 432/2024)

Vista a acta de 24 de abril de 2025 por la que se adopta o acordo de aprobación de valoración definitiva dos méritos dos candidatos/as admitidos/as e de proposta de nomeamento como persoal funcionario a favor das candidatas:

DONA BEATRIZ BROZOS MERA

DONA VICTORIA LUISA GÓMEZ FUSTES

En uso das atribucións que me confire a normativa vixente e de acordo co previsto nas bases 18ª, 20ª e 21ª das Bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso - oposición correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobado a relación de aprobados deste proceso selectivo.

Apelidos e nome	NIF	CELGA	Experiencia	Formación	Total
BROZOS MERA, Beatriz	**6590***	Celga 4	90,00	10,00	100,00
GÓMEZ FUSTES, Victoria Luisa	**4168***	Celga 4	77,94	10,00	87,94

Propor o nomeamento como persoal funcionario de carreira a:

DONA BEATRIZ BROZOS MERA

DONA VICTORIA LUISA GÓMEZ FUSTES

Segundo.- Dispoñer a publicación da presente resolución no BOP e na sede electrónica do Concello de Cedeira, taboleiro de anuncios, e a efectos informativos na páxina web municipal, dispoñendo o aspirante aprobado dun prazo de 20 días naturais, contados dende o seguinte á publicación no BOP da presente resolución para presentar no Rexistro xeral do Concello de Cedeira a documentación esixida na Base 18 e 20 das bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización

polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso - oposición correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022, a efectos da posterior firma da toma de posesión.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.”

En Cedeira, a 26 de maio de 2025

Asdo. O Alcalde

Pablo Diego Moreda Gil

2025/3680